

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Filosofía	1º Bac.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

## 1. Introducción

As actuais sociedades democráticas, inseridas nun mundo globalizado en permanente cambio e composto por unha mestura de persoas e comunidades, proxectos e intereses, requiren un pensamento racional e crítico que forneza a mocidade de ferramentas para comprender o mundo complexo que nos rodea e, ao tempo, que proporcione instrumentos para edificar e consolidar unha sociedade libre, igual e xusta. A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo, de tal xeito que poida analizar, entender e propor solucións aos desafíos materiais, intelectuais e morais do século XXI.

A filosofía asume daquela unha dobre vertente de grande interese para o alumnado: por unha banda, de xeito absoluto achégalle reflexión e lucidez á persoa para que poida entenderse a si mesma e a realidade que a rodea e, por outra, axuda decididamente a formar unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, comprometida coas institucións democráticas e con habilidades prácticas para a resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas. O valor da indagación que promove a materia de Filosofía impulsa o alumno á reflexión argumentada sobre os aspectos xerais da existencia e da vida en sociedade, descubriendo deste xeito os móbiles derradeiros das posicións adoptadas. En suma, a materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión necesaria para realizar estas tarefas desde un prisma claramente holístico, que ha de incentivar un alumnado activo, curioso, argumentativo, reflexivo e innovador.

A materia de Filosofía, pola radical actitude cognoscitiva que representa e a variedade de temas e aspectos dos que trata, proporciona un espazo idóneo para o desenvolvemento integrado das competencias clave e dos obxectivos da etapa de bacharelato. Neste sentido, a indagación sobre problemas universais e fundamentais, tales como os referidos á natureza última da realidade, a verdade, a xustiza, a beleza ou a propia identidade e dignidade humanas, xunto á reflexión crítica sobre as ideas e prácticas que constitúen a nosa contorna cultural, serven, simultaneamente, ao propósito de promover a madurez persoal e social do alumnado e ao desenvolvemento, tanto da súa dimensión intelectual como da queles outros aspectos éticos, políticos, cívicos, emocionais e estéticos que configuran a súa personalidade.

Así, a materia de Filosofía en bacharelato ten, en primeiro lugar, a finalidade de ofrecer un marco conceptual e metodolóxico para a análise das inquietudes esenciais e existenciais do alumnado de bacharelato, na que este poida abordar persoalmente as grandes preguntas e propostas filosóficas e emprender unha reflexión crítica sobre o sentido e valor dos distintos coñecementos, actividades e experiencias que configuran a súa contorna vital e formativa. En segundo lugar, a educación filosófica resulta imprescindible para a articulación dunha sociedade democrática sobre principios, valores e prácticas éticas, políticas e cívicas cuxa lexitimidade e eficacia precisan da deliberación dialóxica, a convicción racional e a autonomía de xuízo da cidadanía. A Filosofía, por último, supón tamén unha reflexión crítica sobre as emocións e os sentimentos, presentes en todos os ámbitos, desde a estética á teórica pasando pola ética e, a miúdo, esquecidos nos currículos.

A materia de Filosofía atende estes tres propósitos a través do desenvolvemento conxunto dunha serie de obxectivos representativos, case todos eles, das fases habituais do proceso de crítica e exame dialéctico de problemas e hipóteses filosóficas. Dado o carácter eminentemente maiéutico de devandito proceso, tales obxectivos deben ser, ademais, necesariamente implementados no marco metodolóxico dun ensino, en boa medida dialóxico, que tome como centro de referencia a propia indagación filosófica do alumnado.

Os tres primeiros obxectivos, de marcado carácter transversal, refírense á adquisición dunha perspectiva holística e interdisciplinaria para analizar as cuestións filosóficas fundamentais, discriminando o substantivo do accidental. Esta tarefa require, pola súa vez, do desenvolvemento de obxectivos referidos ao manexo e produción crítica e rigorosa de información, ao uso e identificación de argumentos e á práctica do diálogo como proceso cooperativo de coñecemento. A práctica do diálogo, algo formalmente constitutivo do exercicio filosófico, implica, pola súa vez, como outro dos obxectivos que hai que desenvolver, o recoñecemento do carácter plural e non dogmático das ideas e teorías filosóficas, así como a implementación do devandito recoñecemento na dobre tarefa, crítica e construtiva, de contrastalas e descubrir a oposición e a complementariedade entre elas. A actividade filosófica ha de procurar, ademais, o desenvolvemento de facultades útiles para a formación integral da personalidade do alumnado, co obxecto de afrontar con éxito os desafíos persoais, sociais e profesionais que trae consigo un mundo, como o noso, en perpetua transformación e sementado de incertezas. Así, a adquisición dunha perspectiva global e interdisciplinaria dos problemas, a facultade para xerar un pensamento autónomo á vez que rigoroso sobre asuntos esenciais, e o desenvolvemento dunha posición e un compromiso propio fronte aos retos do século XXI, son elementos imprescindibles para o logro da plena madurez intelectual, moral, cívica e emocional de alumnas e alumnos. Finalmente, o cuarto e derradeiro obxectivo abrangue o recoñecemento das diversas concepcións e ideas sobre os problemas filosóficos fundamentais da filosofía. Perséguese que o alumnado comprenda as ideas e teorías filosóficas das máis grandes pensadoras e pensadores a través dunha análise crítica das diversas teses e dos

problemas aos que responden, promovendo unha actitude aberta e tolerante ao tempo que crítica e creativa. En canto aos criterios de avaliación, estes formúlanse en relación directa a cada un dos obxectivos xa expostos, e han de entenderse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da adquisición daquelas. É por iso polo que, en conexión cos contidos, deben atender tanto aos procesos como aos propios produtos da aprendizaxe, requirindo, para a súa adecuada execución, de instrumentos de avaliación variados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe nos que haxa de concretarse o desenvolvemento das competencias.

Os contidos, distribuídos en tres grandes bloques, están dirixidos a dotar o alumnado dunha visión básica e de conxunto do rico e complexo campo de estudo que comprende a filosofía, malia que en cada caso, e atendendo á idiosincrasia do alumnado, ao contexto educativo ou a outros criterios pedagóxicos ou científicos, se poderá profundar nuns máis ca noutros, ademais de agrupalos e articularlos a conveniencia. Así, tras un primeiro bloque de contidos dedicado á natureza da propia actividade filosófica e á súa vinculación cos problemas da condición humana, desenvólvense outros dous bloques, un de natureza especialmente teórica dedicado á análise de cuestións básicas sobre o coñecemento e a realidade, e outro consagrado á filosofía práctica, isto é, á análise dos problemas relativos á ética, á filosofía política e á estética. No deseño e distribución de bloques de criterios de avaliación e contidos buscouse o equilibrio e o diálogo entre distintas propostas e correntes, o desenvolvemento dos obxectivos xa enunciados e o intento de reparar aquelas situacións como a marxinação e o ocultamento histórico da muller ou os prexuízos culturais de carácter etnocéntrico, racista ou antropocéntrico, que puideron lastrar ata épocas recentes o desenvolvemento da disciplina.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinarios, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador.	2-3				12-40	1-3-4		1
OBX2 - Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	1-2-3-5		1	1-3	40	3	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		31	2-3		1-32
OBX4 - Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos.	2-5					1-2-3		2

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A filosofía.	Na unidade didáctica "A filosofía", realizaremos unha introdución ao que é a filosofía e ao seu xurdimento, presentaremos cales son as grandes etapas da historia da filosofía, indicaremos para que serve a filosofía, cales son as súas ramas, cales son os métodos e as ferramentas que empregan os filósofos e filósofas e remataremos denunciando algúns nesgos habituais nos relatos sobre a historia da filosofía.	12	11	X		
2	A lóxica.	Na unidade didáctica "A lóxica", presentaremos que é a lóxica e para que serve, distinguiremos os razoamentos dedutivos dos indutivos, introduciremos	12	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A lóxica.	algunhas nocións de lóxica formal (formalización, táboas de verdade e leis lóxicas), e practicaremos a detección de falacias dentro da lóxica informal. Remataremos facendo referencia ao pensamento diverxente como modo de pensamento que vai máis alá da lóxica.	12	11	X		
3	O ser humano como problema filosófico.	Na unidade didáctica "O ser humano como problema filosófico", analizaremos os seguintes problemas dende as perspectivas da antropoloxía filosófica e da filosofía da mente: o problema da existencia, o debate sobre a natureza humana, o problema da identidade persoal, o problema mente-corpo e a estrutura psicosomática da personalidade.	12	12	X		
4	A realidade como problema filosófico.	Na unidade didáctica "A realidade como problema filosófico", analizaremos os seguintes problemas: o problema do real e o problema dos universais (dende a metafísica), o problema filosófico do tempo e do cambio (dende a filosofía da natureza), e o problema filosófico da existencia de Deus (dende a filosofía da relixión).	14	18		X	
5	O coñecemento como problema filosófico.	Na unidade didáctica "O coñecemento como problema filosófico" analizaremos os seguintes problemas: a definición de coñecemento, o problema da verdade e as teorías do coñecemento (dende a epistemoloxía), o saber científico (dende a filosofía da ciencia) e a dimensión social e política do coñecemento (dende a socioloxía do coñecemento).	14	18		X	
6	A ética.	Na unidade didáctica "A ética", realizaremos unha introdución ao que é a ética, analizando a posibilidade dunha ética racional e realizando unha comparación entre distintos tipos de teorías éticas. A continuación, trataremos a problemática dos dereitos humanos xunto a outras grandes cuestións éticas do noso tempo.	12	12			X
7	A filosofía política.	Na unidade didáctica "A filosofía política", presentaremos por que o ser humano é un animal social e político, investigando os fundamentos da organización social e política e centrándonos especialmente nas bases da democracia. A continuación estudaremos o diálogo entre distintos principios políticos e remataremos facendo referencia á importancia dos ideais e utopías para visualizar un futuro máis xusto e camiñar cara el.	12	11			X
8	A estética.	Na unidade didáctica "A estética", abordaremos diferentes problemas	12	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A estética.	estéticos, como a definición de arte, beleza e gusto, presentando teorías clásicas e modernas acerca destes conceptos, analizaremos a relación entre a estética e a ética e remataremos cunha reflexión sobre o papel da imaxe na cultura contemporánea.	12	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A filosofía.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Participa nun diálogo filosófico sobre as normas para dialogar e sobre a importancia da filosofía na infancia (programa Philosophy for Children).	PE	80
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Elabora por escrito un discurso argumentativo a partir das cuestións formuladas, organizando correctamente a información.		
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Recoñece en que consiste a filosofía e analiza cales son os principais problemas filosóficos a través dun documental (Pienso, luego existo, ou Examined Life).	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Analiza un artigo xornalístico sobre a utilidade da filosofía na actualidade, realizando un breve resumo do mesmo sen plaxiar e ofrecendo a súa opinión argumentada sobre que problemas filosóficos han de importarnos na actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía.</li> <li>- Características da filosofía.</li> <li>- Concepcións da filosofía.</li> <li>- A tradición filosófica.</li> <li>- Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía.</li> <li>- A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico.</li> <li>- As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición.</li> <li>- Filosofía e condición social: a discriminación social.</li> <li>- Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía.</li> <li>- Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural.</li> <li>- A filosofía como saber.</li> <li>- A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social.</li> <li>- Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica.</li> <li>- Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética.</li> <li>- As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais.</li> <li>- Os métodos da filosofía.</li> <li>- O traballo filosófico.</li> <li>- Uso e análise crítico de fontes.</li> <li>- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.</li> <li>- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.</li> <li>- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.</li> <li>- A investigación e a disertación filosóficas.</li> <li>- O sentido da filosofía no século XXI.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sentido e finalidade da filosofía.</li> <li>- A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI.</li> <li>- Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A lóxica.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.	Realiza análises prácticas sobre a argumentación tanto dende o punto de vista da lóxica formal como da informal, identificando falacias.	PE	70
CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Investiga por que se producen algúns dos principais nesgos psicolóxicos e explica o seu mecanismo mediante un discurso argumentativo oral, poñendo exemplos correctos.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O razoamento e a argumentación.</li> <li>- A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional.</li> <li>- A argumentación informal.</li> <li>- A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O ser humano como problema filosófico.	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Demostra nunha proba escrita que comprende as teorías filosóficas sobre o ser humano.	PE	70
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Participa nun diálogo sobre cuestións filosóficas relevantes, evitando os modos dogmáticos e falaces de soste opinións, cooperando na busca da verdade e rexeitando toda discriminación cara os demais.	TI	30
CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Analiza problemas éticos e políticos de actualidade (p. ex. o transhumanismo) considerando as distintas posturas ao respecto e elaborando a súa propia postura mediante o diálogo cos demais.		
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Realiza un traballo creativo (vídeo, disertación ou fotografía filosófica) sobre o tema proposto para o diálogo e aporta unha reflexión filosófica propia utilizando conceptos e ideas propios da unidade didáctica. O tema proposto poderá coincidir co da Olimpíada Filosófica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica.</li> <li>- As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano.</li> <li>- A filosofía e a existencia humana.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana.</li> <li>- A especificidade natural do Homo sapiens.</li> <li>- Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos.</li> <li>- Personalidade e identidade persoal.</li> <li>- A estrutura psicosomática da personalidade.</li> <li>- Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas.</li> <li>- Consciencia e linguaxe.</li> <li>- O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.</li> <li>- Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.</li> <li>- O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial.</li> <li>- O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A realidade como problema filosófico.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndoas en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade.	Expón e analiza as principais teorías filosóficas sobre a realidade nunha proba escrita.	PE	70
CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Realiza unha ilustración representando o mito da caverna de Platón, xera un traballo de organización da información desta unidade didáctica mediante esquemas e argumenta a súa opinión por escrito fronte ás preguntas formuladas.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O problema metafísico do real.</li> <li>- Aparencia e realidade. As realidades virtuais.</li> <li>- Unidade e pluralidade.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Categorías e modos de ser.</li> <li>- Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais.</li> <li>- O problema filosófico do tempo e do cambio.</li> <li>- O problema filosófico da existencia de Deus.</li> <li>- Teísmo, ateísmo e agnosticismo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	O coñecemento como problema filosófico.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretar, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías.	Explica por escrito as principais teorías filosóficas sobre o coñecemento xeral e sobre o coñecemento científico e tecnolóxico.	PE	70
CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Colabora en grupo analizando afirmacións consideradas verdadeiras e argumentando acerca dos criterios nos que se basean. Participa nun diálogo sobre a posverdade demostrando que sabe identificar os modos falaces e nesgados de soste opinións e as súas consecuencias.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O problema filosófico do coñecemento.</li> <li>- Definición, posibilidade e límites do coñecemento.</li> <li>- A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías.</li> <li>- A verdade como obxectivo do coñecemento.</li> </ul>

### Contidos

- As teorías da verdade.
- O fenómeno da desinformación e a «posverdade».
- O saber científico: definición, demarcación e metodoloxías científicas. A filosofía da ciencia: natureza, problemas e límites do coñecemento científico.
- A dimensión social e política do coñecemento.
- O papel da muller na ciencia e nos outros saberes.
- Coñecemento e interese.
- Saber e poder.
- A tecnociencia contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
6	A ética.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Demostra mediante unha proba escrita que comprende as principais ideas e teorías éticas.	PE	70
CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Realiza un traballo de investigación e argumentación acerca dalgún dos problemas éticos estudados na unidade didáctica.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

## Contidos

- O feito ético e a razón práctica.
- Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política.
- A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral.
- Metaética e ética normativa.
- Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo.
- Formalismo ético fronte a materialismo ético.
- Universalismo e relativismos éticos.
- Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes.
- Éticas aplicadas.
- A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.
- Problemas éticos actuais.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.
- As desigualdades e a pobreza.
- A discriminación e o respecto polas minorías.
- Problemas ecosociais e medioambientais.
- Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito.
- Orixe, lexitimidade e vixencia.
- Xeracións dos dereitos humanos.
- Os dereitos da infancia.
- Dereitos dos animais.

UD	Título da UD	Duración
7	A filosofía política.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Expón e analiza por escrito os principais problemas da filosofía política.	PE	70
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Participa no intercambio de ideas filosófico-políticas mediante un diálogo grupal aberto e construtivo sobre o problema proposto relacionado coa filosofía política, investigando previamente sobre as posturas e teorías existentes sobre o tema.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O ser humano como animal político.</li> <li>- Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo.</li> <li>- Definición do político: legalidade e lexitimidade.</li> <li>- Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza.</li> <li>- O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.</li> <li>- Cidadanía e Estado de benestar.</li> <li>- Xustiza e democracia.</li> <li>- A xustiza como problema filosófico.</li> <li>- A reflexión filosófica sobre a democracia.</li> <li>- Ideais, utopías e distopías.</li> <li>- Os movementos sociais e políticos.</li> <li>- O feminismo e a perspectiva de xénero.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	A estética.	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.	Demostra ter unha comprensión filosófica e crítica da arte, da beleza e da estética.	PE	70
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Reflexiona sobre a capacidade da arte para a expresión de ideas filosóficas, mediante a análise dunha obra literaria, musical ou cinematográfica.	TI	30
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Realiza, de forma creativa e interdisciplinar, unha posta en valor e unha reflexión filosófica sobre a estética dun lugar ou espazo coñecido (paisaxe, instituto, aldea, vila...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.</li> <li>- Teorías sobre a beleza e a arte.</li> <li>- Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.</li> <li>- Teorías e problemas estéticos contemporáneos.</li> <li>- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.</li> <li>- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.</li> <li>- Ética e estética.</li> <li>- O papel político da arte.</li> </ul>



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

De acordo co Decreto 157/2022 polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as liñas metodolóxicas que seguiremos no proceso de ensino aprendizaxe desta materia son as seguintes:

O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

A xeración dunha experiencia real de descubrimento dos interrogantes filosóficos, a partir da cal se invite o alumnado á investigación analítica sobre estes.

A avaliación crítica das diversas respostas que se lles deron aos interrogantes filosóficos e á construción rigorosa dos seus propios posicionamentos persoais. O desenvolvemento dunha praxe consecvente cos devanditos posicionamentos e que poida orientar a vida persoal, social e profesional do alumnado.

O fomento da natureza dialóxica, participativa, interdisciplinaria, creativa e comprometida cos problemas de relevancia que posúe en si mesma a actividade filosófica.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntes coas explicacións teóricas
Taboleiro dixital con recursos variados
Portafolios persoal do alumnado

Para esta materia non é necesario mercar libro de texto: a docente facilitará os materiais de estudo. Na aula virtual da materia, o alumnado atopará uns taboleiros dixitais creados para cada unha das unidades didácticas que compoñen o curso. A través deles, o alumnado poderá acceder a todo o material empregado na aula (poderá descargar os apuntes que se entregan na aula, as fichas de exercicios, instrucións dos traballos...) e ademais terá acceso a materiais para poder afondar máis en cada unidade didáctica (seguindo as medidas de enriquecemento curricular), vídeos explicativos, enlaces a artigos dixitais, diferentes recomendacións cinematográficas e suxestións de lecturas relacionadas con cada unidade didáctica.

Recoméndase ao alumnado que elabore o seu propio portafolios para esta materia, é dicir, que dispoña dunha carpeta de aprendizaxe na que poida gardar de forma ordenada e ben presentada todo o material que irá recompilando nesta materia ao longo do curso (apuntes, esquemas, reflexións, resumos, disertacións, traballos, ilustracións, fichas de lectura, etc.).

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten unha finalidade diagnóstica: serve para determinar as capacidades e coñecementos previos do alumnado, así como a súa actitude, motivación ou interese. O propósito desta fase da avaliación é adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás súas características, para asegurarnos de que as medidas de atención á diversidade sexan as correctas e de que a metodoloxía que imos despregar sexa a máis axeitada. A avaliación inicial tamén busca facer ao alumnado consciente dos seus coñecementos previos, necesidades e intereses e espertar neles unha motivación cara á aprendizaxe. A primeira unidade didáctica desta materia servirá como introdución á materia de Filosofía e permitiranos realizar unha valoración dos coñecementos, destrezas, necesidades, capacidades e actitudes do alumnado. Para a realización da avaliación inicial terase en conta:

A observación sistemática do traballo individual ou colectivo e as actitudes do alumnado, para o cal nos serviremos do caderno docente. Isto dará lugar a que se regule de forma axeitada a xestión grupal da aula. Se non observamos hábitos de traballo colaborativo no alumnado, introduciremos gradualmente diferentes técnicas: parellas, dobres parellas, etc. Dependendo do nivel de conflitividade observado na aula, consideraremos se é necesario establecer de maneira consensuada unhas normas básicas de convivencia ou unha reordenación da ubicación do alumnado na aula.

A corrección de probas específicas deseñadas para medir o nivel de coñecementos previos, incidindo especialmente sobre os contidos máis transversais das materias que teñan que ver coa competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión oral e escrita) e coa competencia persoal, social e de aprender a aprender (prestando atención á interacción, ao diálogo e ao recoñecemento e respecto cara os demais), por ser estas as competencias que comportan un maior peso nas materias do Departamento de Filosofía. Dependendo do nivel de desempeño competencial demostrado, reforzaranse técnicas e ferramentas de traballo básicas ou avanzaranse máis rápido sobre elas, sen que isto implique restar importancia ao proceso de sentar as bases de traballo en cada unha das materias.

A realización por parte do alumnado dun cuestionario persoal acerca dos seus intereses, metas, expectativas e dificultades de aprendizaxe. Esta ferramenta proporciónanos información sobre como se perciben conscientemente os nosos alumnos e alumnas a eles mesmos, pero non exime dunha observación allea a esa autopercepción para detectar outras posibles necesidades que han de quedar cubertas por un correcto plan de atención á diversidade. A obtención de datos sobre as súas metas ou intereses permitirános relacionar os contidos da materia con eses intereses particulares, para reforzar a motivación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	70	70	70	70	70	70	70	<b>71</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	30	30	30	30	30	30	30	<b>29</b>

### Criterios de cualificación:

Cualificación de cada avaliación trimestral: Ao final de cada avaliación realizarase unha proba escrita para avaliar as unidades didácticas traballadas ao longo dese trimestre. A cualificación de dita proba terá un peso dun 70% na nota da avaliación. O outro 30% da nota obterase a partir da realización das tarefas ou traballos propostos para cada unidade didáctica. Para ter unha cualificación positiva na avaliación trimestral será necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 entre a proba escrita (70%) e os traballos (30%).

O alumnado poderá mellorar a súa cualificación trimestral mediante a realización de lecturas de carácter voluntario: para contribuír ao plan lector do centro, realizaremos suxestións de lecturas relacionadas cos contidos de cada unidade didáctica, que o alumnado pode levar a cabo de maneira completa durante cada trimestre. A avaliación da lectura realizarase mediante unha ficha de análise e reflexión na que o alumnado demostrará a súa comprensión do libro así como a súa valoración crítica do mesmo. Tamén se realizará unha breve entrevista oral para intercambiar co alumnado as súas impresións sobre as lecturas realizadas. Cada lectura poderá sumar 0,25 puntos sobre a nota da avaliación trimestral.

Cualificación da avaliación final: A cualificación final do curso obterase da media obtida entre as cualificacións correspondentes a cada unha das tres avaliacións que compoñen o curso (tendo en conta a nota real con decimais e non a aproximación realizada no boletín de notas trimestral). Para que a cualificación sexa positiva deberá acadarse unha nota media igual ou superior a 5.

O plaxio e as prácticas deshonestas na demostración das aprendizaxes por parte do alumnado serán penalizadas: Se a docente observa que algún alumno ou alumna realiza un exame de maneira deshonesto coas normas que se aplican para a demostración obxectiva das aprendizaxes o exame será penalizado cunha cualificación de 0 sen dereito á recuperación trimestral, debendo acudir o alumno ou alumna á recuperación da avaliación extraordinaria se a súa nota media obtida a partir das tres avaliacións trimestrais non fose igual ou superior a 5. Exemplos de prácticas

deshonestas nos exames: copiar con chuletas, empregar o teléfono móbil ou calquera outro dispositivo de almacenaxe de datos, preguntar aos compañeiros ou copiar deles, interromper un exame de forma disruptiva ou dicir as respostas dalgunha pregunta en alto, etc. Respecto aos traballos individuais ou colectivos que sexan realizados de forma deshonestas ou incurrido en plaxio, serán penalizados cunha cualificación de 0 sen posibilidade de recuperación, aplicándose o mesmo criterio que nos exames (se na cualificación da avaliación final non se acada unha nota igual ou superior a 5, deberán presentarse á recuperación mediante a avaliación extraordinaria). Exemplos de prácticas deshonestas nos traballos: realizar un traballo individual copiando por algún compañeiro ou compañeira, incluíndo a paráfrase a partir dos traballos dos demais nos traballos que impliquen reflexión propia; plaxiar contidos da Internet ou doutras fontes (o plaxio implica que non se citen as fontes ou se pretenda empregar as palabras dos demais como as propias, o cal atenta contra o dereito á propiedade intelectual); encargar a realización do traballo a outra persoa (ante a presentación dun traballo realizado na casa, o alumnado ha de poder demostrar posteriormente que o traballo foi realizado por el mesmo mediante unha avaliación de carácter oral sobre dito traballo: isto aplícase tamén ás fichas e traballos sobre as lecturas voluntarias), etc.

O alumnado deberá respectar as datas de entrega acordadas para os diferentes traballos: os traballos e fichas de lectura entregados fóra do prazo establecido sen causa xustificada non serán avaliados.

### **Crterios de recuperación:**

Recuperación dunha avaliación trimestral: O alumnado que non obteña unha nota igual ou superior a 5 nalgunha das avaliacións trimestrais terá dereito a realizar unha recuperación mediante unha proba escrita (que se poderá realizar durante o período desa mesma avaliación ou durante a seguinte) ou volvendo a presentar os traballos requeridos. En todo caso, especificarase a cada alumno ou alumna que se atope nesta situación que contidos debe preparar, dependendo da cualificación concreta que obtivese en cada unha destas partes (proba escrita e traballos).

Recuperación mediante a avaliación extraordinaria: O alumnado que non obteña unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final, terá dereito a realizar no mes de xuño unha recuperación extraordinaria mediante unha proba escrita, na que será avaliado dos contidos correspondentes ás unidades didácticas non superadas durante o curso. O alumnado que teña superada algunha das tres avaliacións pero que non acade unha nota media entre as tres igual ou superior ao 5, terá que recuperar só a parte correspondente ás avaliacións non superadas e a cualificación obtida reflectirá a nota media entre as tres avaliacións.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Para o alumnado que, atopándose no actual curso en 2º de bacharelato, teña pendente a materia de Filosofía de 1º de bacharelato, establécese o seguinte plan de recuperación:

1ª AVALIACIÓN: Durante a primeira avaliación o alumno/a terá que traballar os contidos recollidos nas seguintes unidades didácticas:

1. A filosofía
2. A lóxica
3. O ser humano como problema filosófico

TAREFAS E/OU INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Tema A filosofía (mes de setembro):

- a) Resumo dos contidos teóricos e entrevista oral para avaliar o nivel de comprensión dos mesmos.
- b) Traballo de investigación e argumentación escrito.

Tema A lóxica (mes de outubro):

- a) Resumo dos contidos teóricos e entrevista oral para avaliar o nivel de comprensión dos mesmos.
- b) Traballo de investigación e argumentación escrito.

Tema O ser humano como problema filosófico (mes de novembro):

- a) Resumo dos contidos teóricos e entrevista oral para avaliar o nivel de comprensión dos mesmos.
- b) Traballo de investigación e argumentación escrito.

CUALIFICACIÓN: A cualificación de cada tema obterase a partir da nota media obtida entre as dúas partes que o compoñen:

- a) Resumo e entrevista oral: 50%
- b) Traballo de investigación e argumentación: 50%

A cualificación da 1ª avaliación obterase a partir da nota media acadada entre os dous temas.

2ª AVALIACIÓN: Durante a segunda avaliación o alumno/a terá que traballar os contidos recollidos nas seguintes unidades didácticas:

4. A realidade como problema filosófico
5. O coñecemento como problema filosófico

TAREFAS E/OU INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Tema A realidade como problema filosófico (mes de decembro-xaneiro):

- a) Resumo dos contidos teóricos e entrevista oral para avaliar o nivel de comprensión dos mesmos.
- b) Traballo de investigación e argumentación escrito.

Tema O coñecemento como problema filosófico (mes de febreiro):

- c) Resumo dos contidos teóricos e entrevista oral para avaliar o nivel de comprensión dos mesmos.
- d) Traballo de investigación e argumentación escrito.

CUALIFICACIÓN: A cualificación de cada tema obterase a partir da nota media obtida entre as dúas partes que o compoñen:

- a) Resumo e entrevista oral: 50%
- b) Traballo de investigación e argumentación: 50%

A cualificación da 2ª avaliación obterase a partir da nota media acadada entre os dous temas.

3ª AVALIACIÓN: Durante a terceira avaliación o alumno/a terá que traballar os contidos recollidos nas seguintes unidades didácticas:

6. A ética
7. A filosofía política
8. A estética

2. TAREFAS E/OU INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Tema A ética (mes de marzo):

- a) Resumo dos contidos teóricos e entrevista oral para avaliar o nivel de comprensión dos mesmos.
- b) Traballo de investigación e argumentación escrito.

Temas A filosofía política e A estética (mes de abril/maio):

- c) Resumo dos contidos teóricos e entrevista oral para avaliar o nivel de comprensión dos mesmos.
- Traballo de investigación e argumentación escrito.

CUALIFICACIÓN: A cualificación de cada tema obterase a partir da nota media obtida entre as dúas partes que o compoñen:

- a) Resumo e entrevista oral: 50%
- b) Traballo de investigación e argumentación: 50%

A cualificación da 3ª avaliación obterase a partir da nota media acadada entre os dous temas.

Para avaliar os traballos teranse en conta os seguintes criterios:

Resumo: Valorarase que se respecte a extensión recomendada (aproximadamente un folio), que non se limite a reproducir coas mesmas palabras o texto orixinal, que demostre saber extraer as ideas principais e diferencialas dos contidos secundarios e que a expresión escrita sexa coherente.

Entrevista oral: Valorarase a comprensión dos contidos básicos e a interiorización dos mesmos demostrando que domina os conceptos específicos de cada tema e que sabe explicalos e relacionalos nunha conversa fluída.

Traballo de investigación e argumentación: Valorarase o uso apropiado das fontes suxeridas para realizar o traballo (artigos dixitais, textos, libros, novas xornalísticas ou material audiovisual), que non caia no plaxio á hora de resumir ou redactar, e que a argumentación sexa coherente e desenvolva as súas propias ideas (sabendo analizar argumentos a favor e argumentos en contra dunha determinada postura e valoralos con rigor filosófico).

AVALIACIÓN FINAL:

A nota final do alumnado na avaliación ordinaria será a nota media obtida entre as cualificacións de cada unha das tres avaliacións.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE BACHARELATO:

O alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria, poderá presentarse a un exame de recuperación dos temas que tivera suspensos. A nota final obterase calculando a nota media entre os temas xa aprobados previamente e os temas avaliados mediante dito exame de recuperación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As actividades que se realizarán nesta materia están pensadas para que o seu desenvolvemento na aula favoreza a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións do alumnado. Os principios que rexirán a atención á diversidade na aula serán os seguintes:

**Inclusión:** A educación inclusiva debe responder á diversidade de todos os educandos a través dunha maior participación na aprendizaxe e reducir a exclusión.

**Normalización:** Respecto ás medidas de atención á diversidade, priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador, de maneira que aquelas de carácter máis específico ou extraordinario serán adoptadas cando as anteriores sexan insuficientes.

**Flexibilidade:** Ditas medidas serán flexibles, polo que ao longo do curso poderán suprimirse algunhas ou adoptarse outras novas, dependendo das necesidades do alumnado, que se atopan en constante evolución.

**Colaboración:** Debido a esa evolución constante do alumnado, será importante realizar unha avaliación continuada da eficacia das medidas adoptadas, mantendo unha colaboración permanente co Departamento de Orientación do centro, así como cos titores e as familias do alumnado.

Partimos de que entre o noso alumnado existe unha diversidade natural polo que respecta aos seus intereses, motivación, técnicas de estudo e características persoais de todo tipo. Tendo en conta simplemente o nivel de motivación e de rendemento académico, encontraremos diferentes tipos de necesidades ás que responderemos mediante as seguintes medidas:

**Enriquecemento curricular:** Os contidos serán enriquecidos con material extra que poderá atoparse a través do portal web de recursos ou da aula virtual. Para atender particularmente ao alumnado que presente unha alta motivación cara o estudo ou unha gran capacidade creativa, propoñeremos actividades multi-nivel, nas que se fixarán os requisitos mínimos pero permitiranse diferentes niveis de perfeccionamento. Desta maneira, estamos evitando que este tipo de alumnado teña que realizar tarefas extra: trátase de que todos realicen as mesmas tarefas pero que cada un as desenvolva ao nivel máis axeitado ás súas capacidades, dentro duns requisitos mínimos e xerais para todos.

**Actividades de seguimento (plans de reforzo e de recuperación):** Os plans de reforzo pretenden ofrecer un apoio personalizado ao alumnado que presente máis dificultades na aprendizaxe dunha materia ou no desenvolvemento dalgunha competencia clave. Implicarán unha secuenciación de actividades durante un tempo determinado e intentarase que o alumnado reflexione de maneira consciente sobre cales son os seus problemas e como poden solucionarse. Respecto aos plans de recuperación, deseñaranse actividades de seguimento para o alumnado que teña que recuperar estándares de aprendizaxe pendentes ou para o alumnado que teña que recuperar algunha avaliación. Atendendo ás medidas específicas de atención dirixidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, estas adoptaranse en función da necesidade específica e de acordo ás indicacións do Departamento de Orientación. En todo caso, procurarase que as medidas adoptadas fagan referencia ás diversas situacións de aprendizaxe propostas na aula. Para promover dun xeito máis concreto a mellora das dificultades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, poderemos propoñer, de resultar apropiado, actividades específicas en cada unidade didáctica que sexan de interese e de axuda para mellorar esas necesidades sen que supoñan unha carga extra de traballo.

O Departamento de Filosofía levaría a cabo unha Adaptación Curricular Individualizada logo de ser detectada a necesidade da mesma nunha avaliación psicopedagóxica dun alumno ou alumna en concreto, sempre en coordinación co Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos e o titor/titora correspondente.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita fomentando o espírito crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Desartellamento dos prexuízos e estereotipos sexistas.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Creatividade, autonomía e traballo en equipo.	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Os elementos transversais propostos para traballar nesta materia baséanse nos catro puntos establecidos no Artigo 19 (Elementos transversais) do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais deses elementos transversais, o Departamento de Filosofía comprométese traballar para o cumprimento dos obxectivos xerais do noso Proxecto Educativo: superar o illamento derivado da situación xeográfica e conseguir unha apertura cara a outras realidades; aprender a respectar a pluralidade lingüística e cultural no mundo; asegurar a igualdade efectiva na educación; conseguir que as relacións na comunidade educativa (co entorno, entre as persoas, coas familias, co medio xeral...), estean baseadas no respecto e na convicción de estar gozando dun servizo público do que todos e todas somos responsables; fomentar a implicación e participación de todos os sectores da comunidade educativa no desenvolvemento das actividades do centro; combater a baixa autoestima e a falta de motivación do alumnado; superar os estereotipos sexistas; respectar o carácter aconfesional do centro; facilitar unha formación que permita a incorporación a unha sociedade de dereito; e propiciar o bo uso das TIC.

En canto aos obxectivos do PEC relacionados coa convivencia, dende o Departamento velarase polo seu cumprimento, tratando de fomentar o coñecemento dos nosos dereitos e deberes como membros dunha comunidade educativa, o respecto polos espazos públicos e polos bens e materiais de uso común que temos no centro, e a conciencia ante a necesidade de expresarse sen facer uso da violencia verbal e sabendo diferenciar os ámbitos e rexistros coloquiais dos académicos e profesionais.

Sempre que sexa posible, o Departamento de Filosofía tratará de colaborar con outros departamentos do centro para traballar de maneira interdisciplinar estes elementos transversais ao longo do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na Olimpíada Filosófica de Galicia	O tema proposto para o curso 2023-2024 é: Que é o ocio?			

### Observacións:

Atendendo ao tema proposto para o presente curso escolar e ás modalidades de participación propostas, incorporaremos ás unidades didácticas da primeira e da segunda avaliación reflexións relacionadas con esa temática. Propoñeranse ao alumnado indicacións e recursos para poder manexar esas modalidades tanto a nivel técnico como creativo (enriquecemento curricular).

Para a modalidade de vídeo permítese traballar en grupo. O alumnado presentará as súas propostas ante os compañeiros e compañeiras, de maneira que se poidan coavaliar os traballos seguindo unha rúbrica. Para a selección dos traballos presentados, a docente poderá ter en conta a coavaliación do alumnado. Esta actividade terá un carácter complementario á materia pero tamén extraescolar en canto pode implicar a saída do centro para realizar as defensas no caso de que o alumnado resulte seleccionado ou premiado.

As modalidades de realización dos traballos para a etapa de bacharelato serán:

**Certame fotográfico:** A fotografía debe conter unha pregunta filosófica relacionada co tema proposto.

**Curta de vídeo:** Consistirá en expresar as propias ideas filosóficas en linguaxe audiovisual. Pode realizarse en diferentes formatos.

**Disertación:** Realización dunha disertación para analizar e dar unha resposta razoada e argumentada ao problema proposto (máximo 2000 palabras).

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Unidades didácticas programadas en cada trimestre / Unidades didácticas realmente traballadas en cada trimestre.
Porcentaxe dos contidos traballados efectivamente en cada unidade didáctica, en relación aos contidos programados.
Número de sesións programadas para cada unidade didáctica / Número de sesións adicadas na práctica.
Unidades diácticas: Continxencias ou dificultades atopadas / Suxestións de mellora.
Porcentaxe de alumnado que non supera a materia / Porcentaxe de alumnado que supera a materia.
Competencias clave que necesitan ser reforzadas.
Resultados: Continxencias ou dificultades atopadas / Suxestións de mellora.
Medidas ordinarias de atención á diversidade: Suxestións de mellora / Novas necesidades detectadas / Medidas propostas.
Medidas extraordinarias de atención á diversidade: Suxestións de mellora / Novas necesidades detectadas / Medidas propostas.
Metodoloxía: Continxencias ou dificultades atopadas / Suxestións de mellora.
Actividades: Continxencias ou dificultades atopadas / Suxestións de mellora.
Recursos: Continxencias ou dificultades atopadas / Suxestións de mellora.
Avaliación: Continxencias ou dificultades atopadas / Suxestións de mellora.
Grao de satisfacción do alumnado coa metodoloxía, actividades, recursos e avaliación.
Modificacións requiridas na programación para o vindeiro curso académico.

#### Descrición:

Para levar a cabo o seguimento e a avaliación do proceso de ensino teranse en conta tanto os resultados obtidos polo alumnado nas diversas unidades didácticas, como o desenvolvemento da propia práctica docente. A avaliación da práctica docente terá un carácter continuo e apoiarse nos datos obtidos a través da folla de cálculo dixital que recolle as cualificacións obtidas polo alumnado; do caderno docente, no que se rexistran as continxencias e dificultades atopadas semanalmente; e dos cuestionarios realizados polo alumnado ao termo de cada unidade didáctica. Con carácter trimestral cubrirase unha folla de seguimento da programación didáctica, na que se revisarán os seguintes aspectos:

**Planificación das unidades didácticas:** Rexistraranse as unidades didácticas traballadas durante o trimestre, a porcentaxe dos contidos de cada unidade que se traballaron e a adecuación da temporalización programada para cada unidade didáctica. Anotaranse as continxencias ou dificultades atopadas, realizando suxestións de mellora.

**Resultados:** Indicarase o número de alumnos e alumnas que non superan os criterios de avaliación mínimos. Respecto ao alumnado que si supera os criterios de avaliación mínimos, indicarase o grao medio de adquisición das competencias a nivel de grupo (datos que se extraerán da folla de cálculo dixital). Indicarase os posibles problemas detectados e as suxestións de mellora propostas.

**Atención á diversidade:** Recolleranse as medidas ordinarias e específicas adoptadas que sexan susceptibles de ser melloradas, e as novas necesidades que foran detectadas, xunto coas posibles medidas que se propoñan para resolver esas novas necesidades.

**Metodoloxía, actividades, recursos e avaliación:** Para estes apartados, teranse en conta os cuestionarios de avaliación da práctica docente realizados polo alumnado, incorporando o grao de satisfacción medio indicado, as continxencias ou dificultades atopadas e as suxestións de mellora propostas.

As propostas de mellora da programación poderán ser levadas á práctica durante un determinado período de proba, especificando se os resultados acadados con dita posta en práctica son ou non satisfactorios. Por último, recolleranse tamén as modificacións requiridas na programación para o vindeiro curso académico.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Para levar a cabo a avaliación da práctica docente realizarase unha avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe (procesual) e unha avaliación da consecución dos obxectivos (final).

A avaliación procesual levarase a cabo durante o desenvolvemento das unidades didácticas do curso e servirá para detectar e corrixir as posibles dificultades que se atopan durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como para comprobar se o camiño cara a consecución das competencias é satisfactorio ou se é necesario realizar algún tipo de axuste como cambiar aspectos relativos á metodoloxía, á planificación e desenvolvemento das actividades, ou á avaliación das mesmas. Tamén servirá para comprobar se o plan de atención á diversidade é axeitado ou se é necesario ter en conta factores engadidos. O caderno docente servirá como instrumento para realizar este tipo de avaliación.

Por outra parte, a avaliación final respecto da consecución dos obxectivos levarase a cabo ao remate de cada avaliación trimestral e ao remate da avaliación ordinaria e servirá para valorar os resultados acadados polo alumnado respecto á consecución das competencias clave. O cómputo dos resultados acadados atendendo ás cualificacións obtidas polo alumnado irá acompañado dunha valoración das dificultades atopadas e dos posibles procesos de mellora da práctica docente para que melloren ditos resultados.

O alumnado participará na avaliación da práctica docente: ao finalizar cada avaliación, realizará un cuestionario (deseñado mediante un formulario en liña) con preguntas acerca da metodoloxía, actividades, recursos e avaliación.

## **9. Outros apartados**